

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

- 6310** *Real decreto 288/2021, do 20 de abril, polo que se modifica o Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras; se dá nova redacción ao artigo 34 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro; e se modifica o Regulamento para a aplicación da Lei 87/1978, do 28 de decembro, sobre seguros agrarios combinados, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro.*

I

O réxime prudencial europeo de Solvencia II e a norma internacional de información financeira de operacións de seguro (NIIF 17-IFRS17) presentan dous novos marcos, de solvencia e contable, cunha estrutura conceptual similar, que nalgúns elementos difire da anteriormente existente, en particular no que atinxe á cuantificación separada da mellor estimación das provisións técnicas e da marxe para riscos non financeiros.

Baixo este novo esquema, a renovación das táboas biométricas utilizadas polas entidades aseguradoras debe ter en conta tanto os aspectos cuantitativos como os de carácter cualitativo, entre os cales se encontran os relativos ao bo goberno, a transparencia ante terceiros e a conduta de mercado apropiada. O desenvolvemento destes asuntos recollerase noutras disposicións normativas de distinto rango. A consideración conxunta de todos estes contidos permitirá contar cunha estrutura máis global e completa nesta materia.

A experiencia práctica acumulada demostra a necesidade de que a norma recolla explicitamente os compoñentes das táboas biométricas que fundamentan o cálculo das provisións técnicas contables, tanto en relación coas táboas que reflicten a mellor estimación (táboas de segunda orde), como no que se refire ás táboas que tamén reflicten as recargas por incerteza (táboas de primeira orde).

Ademais, unha supervisión eficaz destes elementos eminentemente técnicos e a necesidade de que o supervisor dispoña de mecanismos áxiles para dar resposta á evolución do mercado aconsellan dotar a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións da capacidade necesaria para desenvolver os aspectos actuariais subxacentes na elaboración e aplicación das táboas biométricas.

Para adaptar a normativa sobre táboas biométricas ao novo marco conceptual, este real decreto introduce modificacións en diferentes aspectos relacionados coas táboas biométricas, elemento esencial da cuantificación das provisións técnicas nos seguros de vida e decesos, a través da modificación das disposicións vixentes nesta materia contidas no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, así como nas recollidas no Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

A adaptación das contías das provisións técnicas contables derivada do dito cambio implica a habilitación dun proceso transitorio voluntario no ámbito contable. Os datos dispoñibles sobre os axustes que se deben realizar e os principios de transparencia e competencia en condicións de igualdade fan conveniente que o período de transición sexa o máis limitado posible, tanto en termos temporais como no seu ámbito de aplicación. Polas mesmas razóns de transparencia, as contas anuais deberán proporcionar información sobre a existencia e o contido do proceso transitorio.

Cómpre igualmente recoller o tratamento da actualización das táboas biométricas publicadas mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións na valoración da provisión contable do seguro de decesos, diferenciando entre as pólizas que apliquen a disposición transitoria décimo primeira do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e aquelas que sexan conformes cos artigos 46 do citado regulamento e 120 do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro.

Este tratamento particular inclúese como unha nova disposición adicional décimo oitava do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro.

Por último, a conveniencia de dispor dun mecanismo institucional de monitorización do contraste de validez das táboas biométricas coa evolución no tempo da mortalidade, supervivencia, invalidez e morbilidade reais resulta na incorporación, na disposición adicional única deste real decreto, da habilitación para que, mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, se cree unha comisión técnica que, con representantes da Administración, a profesión actuarial, as entidades e o ámbito académico, asuma esa misión.

II

O Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, modificou o artigo 206 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, en relación co réxime de sancións administrativas no ámbito dos seguros privados, de forma que a imposición de sancións, salvo a consistente en amoestación privada, unha vez que sexan executivas, se fará constar no rexistro administrativo de entidades aseguradoras e reaseguradoras e no dos altos cargos de entidades aseguradoras e reaseguradoras, indicando o tipo e clase de infracción e a identidade do infractor.

Isto fai necesario modificar os artigos 20.1, 21.1 e o parágrafo primeiro da disposición adicional oitava do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, para adaptar os actos inscribibles nos rexistros administrativos á citada modificación.

III

Este real decreto modifica, así mesmo, o citado Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, como consecuencia da transposición da Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 2007/36/CE no que respecta ao fomento da implicación a longo prazo dos accionistas.

Sinala a directiva nos seus considerandos que os investidores institucionais e os xestores de activos, dentro dos cales se inclúen as entidades aseguradoras, os fondos de pensións de emprego e as entidades xestoras de fondos de pensións de emprego, son con frecuencia importantes accionistas das sociedades cotizadas na Unión Europea e desempeñan un papel destacado no seu goberno corporativo e tamén, de forma máis xeral, no que se refire á súa estratexia e rendemento a longo prazo. A experiencia dos últimos anos puxo de manifesto que os investidores institucionais e os xestores de activos non acostuman implicarse nas sociedades en que teñen accións, téndose evidenciado que, con frecuencia, os mercados de capitais exercen presión sobre as sociedades para que obteñan resultados a curto prazo, o que pode conducir, entre outras consecuencias, a un nivel de investimento que diste de ser óptimo, por exemplo en aspectos como os relacionados con investigación e desenvolvemento, en detrimento do rendemento financeiro e non financeiro a longo prazo tanto das sociedades como dos investidores. Considera tamén esta directiva que, en ocasións, os investidores institucionais e os xestores de activos non son transparentes nin sobre as súas estratexias de investimento e políticas de implicación nin sobre a aplicación destas. A publicación desta información podería ter un efecto positivo na conscienciación dos investidores, permitir aos beneficiarios finais optimizar as súas decisións de investimento, facilitar o diálogo entre as sociedades

e os seus accionistas, fomentar a implicación destes e mellorar a súa rendición de contas aos interesados e á sociedade civil en xeral.

De conformidade co establecido nos artigos 3 octies e 3 nonies do capítulo I ter desta directiva, os Estados membros deben garantir que os investidores institucionais desenvolvan e poñan en coñecemento do público unha política de implicación e que revelen publicamente a maneira en que os elementos principais da súa estratexia de investimento son coherentes co perfil e a duración dos seus pasivos, en particular os seus pasivos a longo prazo, e a forma en que contribúen ao rendemento a medio e longo prazo dos seus activos.

Tendo en conta o establecido nos números 1 e 6 do artigo 1 da Directiva 2007/36/CE, na redacción dada pola Directiva (UE) 2017/828, do 17 de maio, o ámbito obxectivo circunscríbese ao investimento en accións de sociedades admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro da Unión Europea.

A transposición de rango legal da citada directiva, no concerner a seguros privados e plans e fondos de pensións, realizouse a través do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro. Polo que se refire ao ámbito asegurador, estableceuse a obrigaón, tanto para as entidades aseguradoras autorizadas para operar no ramo de vida como para as entidades reaseguradoras que cubran obrigaóns de seguros de vida, de deseñar e publicar unha política de implicación, así como unha estratexia de investimento, deixando ao desenvolvemento regulamentario a concreción do seu contido. Este efectúase mediante a adición de dous novos artigos, 89 bis e 89 ter, ao Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, que desenvolven os aspectos relacionados coa política de implicación e a estratexia de investimento e acordos cos xestores de activos, respectivamente.

As disposicións deste real decreto establécense sen prexuízo doutras medidas normativas que se adopten para a transposición da Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, no que esta afecte a regulación xeral das sociedades de capital e a específica doutros tipos de entidades financeiras.

IV

O real decreto tamén traspón parcialmente a Directiva (UE) 2019/2177 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2009/138/CE sobre o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (Solvencia II), a Directiva 2014/65/UE relativa aos mercados de instrumentos financeiros e a Directiva (UE) 2015/849 relativa á prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo, no concerner ao sector asegurador.

En vista do aumento das actividades transfronteirizas de seguro, cómpre, de acordo coa citada directiva, mellorar a harmonización da aplicación do dereito da Unión Europea nestes casos de actividade transfronteiriza de seguro, especialmente nunha fase temperá. Para tal fin, refórzase o intercambio de información e a cooperación entre a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, como autoridade nacional competente en materia de supervisión de seguros, e a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación.

En particular, prevense os requisitos de notificación para os casos en que a actividade transfronteiriza de seguros sexa significativa ou cando se produza unha situación de crise, así como as condicións para a creación de plataformas de cooperación entre supervisores. Tales plataformas constitúen unha ferramenta efectiva para lograr unha mellor cooperación entre as autoridades de supervisión e, en consecuencia, para reforzar a protección dos asegurados.

V

Noutra orde de cousas, con data do 17 de xuño de 2016 o Consello de Ministros aprobou o Acordo polo que se daba contestación ao requirimento formulado polo Goberno da Xeneralidade de Cataluña, ao abeiro do artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, en relación coa redacción dada á

álínea b) da disposición derradeira novena do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro. Contra este acordo foi interposto recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Supremo, que confirmou o acordo na súa Sentenza do 30 de novembro de 2017.

No acordo establécese que, unha vez analizados os preceptos obxecto do requirimento, procede estimalo parcialmente, no senso de considerar que algúns artigos do citado real decreto, na medida en que regulan, principalmente, procedementos de intervención pública por razón de control de entidades aseguradoras e reaseguradoras, deben entenderse ditados ao abeiro das competencias que o artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución española atribúe ao Estado para establecer, respectivamente, as bases da ordenación dos seguros e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e non do 149.1.6.^a que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre lexislación mercantil.

A fin de adecuar a cualificación competencial contida na disposición derradeira novena do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, ao recollido no Acordo do Consello de Ministros citado, procédese á súa modificación no sentido indicado.

En todo caso, conforme as consideracións efectuadas polo Tribunal Supremo na mencionada sentenza, queda amparada a opción de que determinados preceptos do capítulo V do título III continúen tendo encaixe no artigo 149.1.6.^a da Constitución.

VI

Finalmente, modifícase a través da disposición derradeira primeira deste real decreto o Regulamento para a aplicación da Lei 87/1978, do 28 de decembro, sobre seguros agrarios combinados, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro, para dar cumprimento a unha recomendación do Tribunal de Contas que establece que no consello de administración da Agrupación Española de Entidades Aseguradoras dos Seguros Agrarios Combinados, S.A. (Agroseguro, S.A.) terán participación de pleno dereito vogais designados por proposta do Consorcio de Compensación de Seguros. Como resultado disto procédese, así mesmo, a axustar o artigo desta mesma norma que regula as funcións a Consorcio a fin de que pase a recoller tal participación.

VII

Este real decreto contén un artigo único, unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

O artigo único, que consta de 20 números, modifica o Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, no referente á adaptación dos actos inscribibles nos rexistros administrativos, así como en diferentes aspectos prudenciais das táboas biométricas. Así mesmo, recolle as transposicións parciais de Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, e da Directiva (UE) 2019/2177 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2019, no concernente ao sector asegurador. Por último, dá cumprimento ao Acordo de Consello de Ministros do 17 de xuño de 2016 polo que se contestaba o requirimento formulado polo Goberno da Xeneralidade de Cataluña en relación co título competencial.

A disposición adicional única inclúe unha habilitación para que, mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, se cree unha comisión técnica de análise das hipóteses en que se basea a elaboración de táboas biométricas, que sirva para a monitorización do contraste entre as táboas publicadas e a evolución real da mortalidade, supervivencia, invalidez e morbilidade.

A disposición transitoria primeira regula o réxime transitorio voluntario para a valoración das provisións técnicas contables derivada da aplicación das novas táboas biométricas publicadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, e a disposición transitoria segunda regula o prazo de adaptación para o cumprimento das obrigacións introducidas nos artigos 89 bis e 89 ter do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro.

Con respecto ás disposicións derradeiras, a disposición derradeira primeira modifica o Regulamento para a aplicación da Lei 87/1978, do 28 de decembro, sobre seguros agrarios combinados, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro.

A disposición derradeira segunda dá unha nova redacción ao artigo 34 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.

A disposición derradeira terceira regula os títulos competenciais.

A disposición derradeira cuarta fai referencia á incorporación do dereito da Unión Europea.

A disposición derradeira quinta recolle a habilitación para o desenvolvemento normativo e a sexta e última fixa a data de entrada en vigor.

Este real decreto é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Atende ao principio de necesidade e eficacia ao desenvolver normativa por imperativo legal, debido á obrigaición de traspor directivas europeas, ou no caso das modificacións en determinados aspectos das táboas biométricas, pola súa necesaria actualización. Así mesmo, este real decreto é o instrumento máis adecuado conseguir eses obxectivos.

O proxecto é conforme co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para conseguir os obxectivos previamente mencionados; axústase ao principio de seguranza xurídica, xa que se realiza co ánimo de manter o marco normativo estable, predicible, integrado e claro, e, igualmente, cumpre o principio de eficiencia, ao evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Canto ao principio de transparencia, cumpriuse o trámite de consulta pública previa, audiencia e información públicas, incluíndo a audiencia ás comunidades autónomas.

Durante o proceso de elaboración do proxecto foron consultados, entre outros, o Ministerio de Xustiza, o Ministerio de Consumo, o Ministerio de Educación e Formación Profesional, o Ministerio de Universidades, o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas e foi sometido á consideración da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensiós.

Este real decreto está incluído no Plan anual normativo de 2020.

As disposicións contidas neste real decreto teñen, en xeral, a consideración de ordenación básica da banca e os seguros e de bases da planificación xeral da actividade económica, conforme o artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución española.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

Modifícase o Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, que queda redactado como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 20, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Son actos suxeitos a inscrición no rexistro administrativo a que se refire o artigo 40 da Lei 20/2015, do 14 de xullo:

- a) A autorización inicial e a ampliación da autorización.
- b) Os relativos ao establecemento de sucursais ou ao exercicio da actividade en libre prestación de servizos previstos na referida lei e neste real decreto.

- c) Os cambios de denominación social.
- d) Os cambios de domicilio social.
- e) O aumento ou redución do capital social ou fondo mutual e outras modificacións estatutarias.
- f) As participacións significativas.
- g) A cesión de carteira.
- h) A fusión, transformación, cesión global de activos e pasivos e escisión.
- i) A pertenza a un grupo de entidades aseguradoras ou reaseguradoras.
- j) As agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas.
- k) A revogación da autorización administrativa e a súa rehabilitación.
- l) O acordo de disolución, o nomeamento e cesamento de liquidadores, o domicilio da oficina liquidadora e a intervención na liquidación.
- m) A extinción e a cancelación da autorización para operar.
- n) As sancións que, se for o caso, se impuxesen, unha vez que sexan executivas, salvo a de amoestación privada, indicando o tipo e a clase da infracción e a identidade do infractor.
- ñ) Os apoderamentos outorgados ás axencias de subscrición, así como os ramos ou riscos que comprendan os ditos apoderamentos.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 21, que queda redactado como segue:

«1. Están suxeitos a inscrición no rexistro administrativo a que se refire o artigo 40 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, os seguintes actos relativos ás persoas que exercen a dirección efectiva das entidades aseguradoras e reaseguradoras:

- a) O nomeamento.
- b) A suspensión, revogación ou cesamento por calquera causa.
- c) A inhabilitación.
- d) As sancións que, se for o caso, se lles impuxesen, unha vez que sexan executivas, salvo a de amoestación privada, indicando o tipo e a clase da infracción e a identidade do infractor.

No rexistro consignaranse o nome e apelidos ou denominación social, o domicilio, a nacionalidade, o sexo, o número do documento nacional de identidade e, se se trata de estranxeiros, se for o caso, o do permiso de residencia ou pasaporte.

Cando a dirección efectiva sexa desempeñada por persoas xurídicas, inscribíranse os datos correspondentes aos seus representantes designados.»

Tres. Engádense tres novos números 6, 7 e 8 ao artigo 28, coa seguinte redacción:

«6. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións notificará á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación e á autoridade supervisora do Estado membro de acollida a intención de autorizar o acceso á actividade aseguradora ou reaseguradora daquelas entidades españolas cuxo programa de actividades recolla que unha parte das actividades se desenvolverán mediante o establecemento de sucursais noutro Estado membro, cando o dito programa indique que é probable que esas actividades teñan incidencia no mercado do Estado membro de acollida.

7. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación e a autoridade supervisora do Estado membro de acollida cando detecte unha deterioración das condicións financeiras ou outros riscos emerxentes naquelas entidades españolas que desenvolvan unha parte das súas actividades mediante o establecemento de sucursais noutro Estado membro, cando tales circunstancias poidan ter un impacto transfronteirizo. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá remitir o asunto e solicitar a asistencia da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación en caso

de que fose imposible alcanzar unha solución bilateral coa autoridade supervisora do Estado membro de acollida.

8. As notificacións ou informacións a que fan referencia os dous números anteriores serán detalladas co obxectivo de permitir unha avaliación adecuada, sen prexuízo das competencias das autoridades de supervisión implicadas.»

Catro. Engádense tres novos números 6, 7 e 8 ao artigo 29, coa seguinte redacción:

«6. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións notificará á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación e á autoridade supervisora do Estado membro de acollida a intención de autorizar o acceso á actividade aseguradora ou reaseguradora daquelas entidades españolas cuxo programa de actividades recolla que unha parte das actividades se desenvolverán en réxime de libre prestación de servizos noutro Estado membro, cando o dito programa indique que é probable que esas actividades teñan incidencia no mercado do Estado membro de acollida.

7. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación e a autoridade supervisora do Estado membro de acollida cando detecte unha deterioración das condicións financeiras ou outros riscos emerxentes naquelas entidades españolas que desenvolvan unha parte das súas actividades en réxime de libre prestación de servizos noutro Estado membro, cando tales circunstancias poidan ter un impacto transfronteirizo. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá remitir o asunto e solicitar a asistencia da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación en caso de que fose imposible alcanzar unha solución bilateral coa autoridade supervisora do Estado membro de acollida.

8. As notificacións ou informacións a que fan referencia os dous números anteriores serán o suficientemente detalladas como para permitir unha avaliación adecuada e sen prexuízo das competencias das autoridades de supervisión implicadas.»

Cinco. Engádense un novo número 4 ao artigo 30, coa seguinte redacción:

«4. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá informar a autoridade de supervisión do Estado membro de orixe naqueles supostos que poidan ocasionar un menoscabo na protección do consumidor. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá, así mesmo, remitir o asunto e solicitar a asistencia da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación en caso de que non fose posible alcanzar unha solución bilateral coa autoridade supervisora do Estado membro de orixe.

A comunicación será o suficientemente detallada para permitir unha avaliación adecuada e entenderase sen prexuízo das competencias dos supervisores implicados.»

Seis. Introdúcese un novo capítulo II bis, no título II, coa seguinte denominación:

«CAPÍTULO II BIS

Plataformas colaborativas»

Sete. Engádense un novo artigo 35 bis no capítulo II bis do título II, coa seguinte redacción:

«Artigo 35 bis. *Plataformas colaborativas.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá, por si mesma ou conxuntamente cunha ou varias autoridades de supervisión doutros Estados membros, solicitar á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación a creación e coordinación dunha plataforma colaborativa, así como participar nas

creadas pola citada autoridade, para reforzar o intercambio de información e impulsar a colaboración entre as autoridades de supervisión, en caso de posibles efectos negativos que poidan afectar os tomadores de seguros con respecto á actividade, desenvolvida ou proxectada, de entidades aseguradoras ou reaseguradoras que actúen en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos cando:

- a) As ditas actividades sexan relevantes respecto ao mercado dun Estado membro de acollida;
- b) De conformidade cos artigos 28.7 e 29.7, o Estado membro de orixe informase dunha situación de deterioración das condicións financeiras ou doutros riscos emerxentes; ou
- c) Nos casos en que o asunto fose remitido á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación de conformidade cos artigos 28.7 e 29.7.

2. O establecido no número anterior enténdese sen prexuízo da facultade da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións de crear plataformas colaborativas con autoridades supervisoras doutros Estados membros cando así o acorden entre elas.

3. A creación dunha plataforma colaborativa conforme o disposto nos números 1 e 2 entenderase sen prexuízo das competencias da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e demais supervisores implicados.

4. Sen prexuízo do disposto no artigo 35 do Regulamento (UE) n.º 1094/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación), se modifica a Decisión n.º 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/79/CE da Comisión, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións facilitará, a petición da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, toda a información necesaria para permitir o funcionamento adecuado da plataforma colaborativa.»

Oito. Engádesse un novo número 6 ao artigo 48, que queda redactado como segue:

«6. Mediante circular da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións desenvolveranse os aspectos cuantitativos e cualitativos necesarios para a adecuación das hipóteses biométricas aplicadas no cálculo da mellor estimación, atendendo á consecución en todo caso dos fins establecidos no artigo 1 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de protección dos dereitos dos tomadores, asegurados e beneficiarios, así como de promoción da transparencia e o desenvolvemento adecuado da actividade aseguradora.»

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 79, que queda redactado como segue:

«1. En toda solicitude de autorización dun modelo interno, as entidades aseguradoras e reaseguradoras presentarán, como mínimo, xustificación de que o modelo interno satisfai os requisitos establecidos nos artigos do 83 ao 88.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, conforme o artigo 35.1 do Regulamento (UE) n.º 1094/2010, do 24 de novembro, de calquera solicitude de uso dun modelo interno e poderalle solicitar, individualmente, ou de maneira conxunta con outras autoridades de supervisión, asistencia técnica respecto a tal solicitude, en virtude do artigo 8.1.b) do citado regulamento.»

Dez. Engádesse un novo número 4 ao artigo 81 coa seguinte redacción:

«4. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, conforme o artigo 35.1 do Regulamento (UE) n.º 1094/2010, do 24 de novembro, de calquera solicitude de

modificación dun modelo interno e poderalle solicitar, individualmente, ou de maneira conxunta con outras autoridades de supervisión, asistencia técnica respecto a tal solicitude, en virtude do artigo 8.1.b) do citado regulamento.»

Once. Engádesse un artigo 89 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 89 bis. *Política de implicación.*

1. As entidades aseguradoras autorizadas para operar no ramo de vida e as entidades reaseguradoras que cubran obrigacións de seguros de vida deberán, respecto da actividade de seguro de vida, desenvolver e pór en coñecemento do público unha política de implicación que describa como se implica a entidade como accionista na súa estratexia de investimento en accións de sociedades que estean admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro da Unión Europea.

Esta política indicará como supervisan as sociedades en que invisten no referente, ao menos, á estratexia, ao rendemento financeiro e non financeiro e aos riscos, á estrutura do capital, ao impacto social e ambiental e ao goberno corporativo. Esta política tamén describirá como se relacionan coas sociedades en que invisten, exercen, se for o caso, os dereitos de voto e outros dereitos asociados ás accións, cooperan con outros accionistas, se comunican con accionistas significativos e xestionan conflitos de interese reais e potenciais en relación coa súa implicación.

2. Con carácter anual, as ditas entidades publicarán información sobre como aplicaron a política de implicación a que se refire o número anterior, incluíndo unha descrición xeral do seu comportamento en relación cos seus dereitos de voto, unha explicación das votacións máis importantes en que participou e, se for o caso, a utilización dos servizos de asesores de voto.

3. Así mesmo, publicarán, con carácter anual, o sentido do seu voto nas xuntas xerais das sociedades en que posúen as citadas accións, en caso de térense exercido. Esta publicación poderá excluír as votacións que son insubstanciais debido ao obxecto da votación ou ao tamaño da participación na sociedade.

4. A política de implicación e a información mencionada nos números anteriores estarán dispoñibles publicamente de forma gratuíta no sitio web da entidade ou no do seu grupo ou a través doutros medios que sexan facilmente accesibles en liña. Cando a política de implicación das entidades, incluído o exercicio do dereito ao voto, se desenvolva a través dun xestor de activos, deberá indicarse o lugar en que o xestor publicou a información relativa ao exercicio do dereito ao voto.

5. As entidades que non se axusten ao establecido nos números anteriores deberán publicar unha explicación clara e motivada sobre as razóns polas cales decidiron non cumprilos. Esta explicación estará dispoñible publicamente de forma gratuíta no sitio web da entidade ou no do seu grupo ou a través doutros medios que sexan facilmente accesibles en liña.

6. As entidades adoptarán medidas razoables para detectar, impedir, xestionar e controlar os conflitos de interese que poidan xurdir no ámbito das actividades de implicación a que se refire este artigo e, se estas non foren suficientes, deberán publicar información clara sobre a natureza xeral ou a orixe dos conflitos de intereses e desenvolver políticas e procedementos adecuados.»

Doce. Engádesse un artigo 89 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 89 ter. *Publicidade relativa á estratexia de investimento e aos acordos cos xestores de activos.*

1. As entidades aseguradoras autorizadas para operar no ramo de vida e as entidades reaseguradoras que cubran obrigacións de seguros de vida elaborarán por escrito, respecto da actividade de seguro de vida, unha declaración da estratexia

de investimento a longo prazo que conterá información relativa a como os elementos principais da estratexia de investimento das entidades en accións de sociedades que estean admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro da Unión Europea son coherentes co perfil e a duración dos seus pasivos, en particular dos seus pasivos a longo prazo, e a maneira en que contribúen ao rendemento a medio e longo prazo dos seus activos. Esta información deberá pórse en coñecemento do público.

2. Cando os investimentos das entidades nas accións referidas no número anterior sexan realizados en nome da entidade a través dun xestor de activos, as entidades deberán publicar a seguinte información:

a) A maneira en que o acordo que se subscribiu co xestor de activos incentiva este a adaptar a súa estratexia e as súas decisións de investimento ao perfil e duración dos pasivos da entidade e, en particular, aos pasivos a longo prazo;

b) Como o acordo suscrito co xestor de activos incentiva este a adoptar as súas decisións de investimento baseándose en avaliacións do rendemento financeiro e non financeiro a medio e longo prazo das sociedades en que inviste e a implicarse nelas co obxecto de mellorar o seu rendemento a medio e longo prazo;

c) A forma en que o método e o horizonte temporal da avaliación do rendemento do xestor de activos e a súa remuneración por estes servizos son conformes co perfil e duración dos pasivos da entidade, en particular os pasivos a longo prazo, e teñen en conta o rendemento absoluto a longo prazo;

d) Como se controlan os custos de rotación da carteira en que incorreu o xestor de activos e a forma en que se define e controla a rotación ou o intervalo de rotación dunha carteira específica;

e) A duración do acordo co xestor de activos.

Cando o acordo co xestor de activos non conteña un ou varios dos elementos anteriores, deberá xustificarse mediante unha explicación clara e motivada.

A información pública a que se refire este número incluírá, se for o caso, os elementos correspondentes á estratexia de investimento da entidade aseguradora ou reaseguradora relativa ao investimento en accións ou participacións de institucións de investimento colectivo ou entidades de capital risco ou outras entidades de investimento colectivo de tipo fechado que, pola súa vez, invistan nas accións a que se refire o número anterior, ou unha explicación clara e motivada de por que non se inclúe esta información.

3. A información prevista nos números anteriores deberá actualizarse anualmente, salvo que non se producise ningún cambio significativo.

4. A información regulada neste artigo estará dispoñible publicamente de forma gratuíta no sitio web da entidade ou no do seu grupo, ou a través doutros medios que sexan facilmente accesibles en liña, ou no informe sobre a situación financeira e de solvencia.»

Trece. Engádese un novo número 4 no artigo 118, coa seguinte redacción:

«4. Mediante circular da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións desenvolveranse os aspectos cuantitativos e cualitativos necesarios para a adecuación das hipóteses biométricas aplicadas no cálculo das tarifas de primas, atendendo á consecución en todo caso dos fins do artigo 1 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de protexer os dereitos dos tomadores, asegurados e beneficiarios, así como de promover a transparencia e o desenvolvemento adecuado da actividade aseguradora.»

Catorce. Modifícase o parágrafo 3 do artigo 124.5, que queda redactado como segue:

«Mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital regularase o mecanismo de cálculo desta rendibilidade esperada, considerando ao menos os factores do período afectado pola garantía, as táboas biométricas, o pagamento de primas futuras ou a posible existencia de participación en beneficios.»

Quince. Modifícase o artigo 133, que queda redactado como segue:

«Artigo 133. *Táboas de mortalidade, de supervivencia, de invalidez e de morbilidade.*

1. As táboas de mortalidade, de supervivencia, de invalidez e de morbilidade deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar baseadas na experiencia española ou estranxeira, sempre que se evidencie a bondade do axuste á poboación asegurable a que se aplica, e axustadas a tratamentos estatístico-actuariais xeralmente aceptados.

b) A mortalidade, supervivencia, invalidez e morbilidade reflectidas nelas deberán encontrarse dentro dos intervalos de confianza xeralmente admitidos para a experiencia española. As probabilidades que conteñan deberán ter en conta aqueles factores que, baseados en datos actuariais e estatísticos pertinentes e fiables, se consideren determinantes da avaliación do risco.

c) Deberán incluír as recargas necesarias para reflectir a compensación pola incerteza derivada de riscos biométricos que poida afectar o importe ou momento dos fluxos futuros considerados no cálculo da provisión técnica, considerando para isto un nivel de confianza adecuado e suficiente.

d) O ano central do período de observación considerado para a elaboración das táboas non poderá ser anterior en máis de dez anos á data de cálculo da provisión. Mediante resolución, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá modificar o número de anos fixado no caso de táboas concretas.

e) Cando se utilicen táboas baseadas na experiencia propia do colectivo asegurado, a información estatística en que se baseen deberá cumprir os requisitos de homoxeneidade e representatividade do risco, incluíndo sobre este información suficiente que permita unha inferencia estatística e indicando o tamaño da mostra, o seu método de obtención e o período a que se refire, o cal deberá adecuarse ao previsto na alínea d) anterior. Mediante circular da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderanse desenvolver os requisitos actuariais necesarios para garantir que calquera compoñente das táboas de experiencia propia se basea en metodoloxías sólidas e realistas e información fiable e, en particular, a estimación dos tantos de mortalidade e as recargas por incerteza.

f) Nos seguros de supervivencia deberase incorporar o efecto do tanto de diminución da mortalidade considerando unha evolución desfavorable desta.

Non obstante o anterior, no cálculo da provisión de seguros de vida poderán utilizarse táboas máis prudentes que, sen cumpriren algún dos requisitos anteriores, teñan unha marxe de seguranza superior á que resulta destes.

2. Ao menos en cada exercicio contable, comparárase o comportamento real do colectivo asegurado co comportamento esperado conforme as táboas utilizadas. Se desta comparación resultar unha diferenza substancial e consistente no tempo, realizarase o cambio ou axuste necesario nas táboas que se utilicen a partir dese momento para emendar a diferenza observada, e incluíranse as recargas para reflectir a compensación pola incerteza derivada de riscos biométricos na medida necesaria para manter o nivel de confianza fixado en cada momento. A provisión matemática calcularase en cada momento tendo en conta a táboa así axustada. En

caso de que a provisión matemática sexa inferior ao importe que se obtería aplicando as táboas utilizadas para o cálculo da prima, tomarase este último como importe para a valoración da provisión matemática.

3. Mediante circular da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións desenvolveranse os aspectos cuantitativos e cualitativos necesarios para a adecuación das hipóteses biométricas aplicadas no cálculo da mellor estimación, atendendo á consecución en todo caso dos fins establecidos no artigo 1 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de protección dos dereitos dos tomadores, asegurados e beneficiarios, así como de promoción da transparencia e o desenvolvemento adecuado da actividade aseguradora.

4. Mediante resolución, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá publicar táboas biométricas sinalando a súa admisibilidade como hipóteses biométricas de referencia, así como declarar a súa non admisibilidade cando deixen de cumprir os requisitos exixidos pola normativa vixente.»

Dezaseis. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 184, que quedan redactados como segue:

«1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, na súa función de supervisor de grupo, informará as demais autoridades de supervisión membros do colexio de supervisores afectadas e a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación acerca da solicitude de autorización dun modelo interno de grupo e remitiralles a solicitude completa logo que esta se presente.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e as autoridades de supervisión afectadas cooperarán para adoptar unha posición conxunta acerca de se procede ou non conceder a autorización e determinar as condicións, se for o caso, ás cales esta quede suxeita, nun prazo non superior a seis meses contado desde a data en que recibiu a solicitude completa.

A petición dunha ou máis autoridades de supervisión afectadas, a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación poderá proporcionar asistencia técnica, de conformidade co artigo 8, número 1, alínea b), do Regulamento (UE) n.º 1094/2010, á autoridade ou autoridades de supervisión que solicitaron a asistencia con respecto á decisión sobre a solicitude.

Se, no prazo de seis meses a que se refire o parágrafo segundo, calquera das autoridades de supervisión afectadas remitir o asunto á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1094/2010, a persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital aprazará a súa decisión e esperará calquera decisión que poida tomar a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación de conformidade co artigo 19, número 3, do citado regulamento e tomaraa de conformidade coa decisión da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación. Esta decisión considerarase definitiva e deberá ser aplicada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e polo resto das autoridades de supervisión afectadas.

A Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación adoptará a súa decisión no prazo dun mes.

Non obstante o anterior, se a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación non adopta unha decisión de conformidade co disposto no artigo 19.3, 41.2, 41.3 e 44.1.3.º parágrafo do Regulamento (UE) n.º 1094/2010, do 24 de novembro, a persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital adoptará a decisión final. Esta decisión considerarase definitiva e será aplicada polas autoridades de supervisión afectadas.

O asunto non se remitirá á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación unha vez finalizado o período de seis meses ou unha vez que se alcanzase unha decisión conxunta.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, como supervisor de grupo, proporcionará ao solicitante un documento en que se expoñan os motivos da decisión adoptada, quer con base na posición conxunta quer derivada da participación da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1094/2010.

2. En ausencia dunha posición conxunta das autoridades de supervisión afectadas nun prazo de seis meses a partir da data en que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións recibiu a solicitude completa, o titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital deberá resolver sobre a solicitude, tendo en conta as posibles observacións ou reservas manifestadas polas demais autoridades de supervisión afectadas durante o prazo de seis meses.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comunicará ao solicitante e ás demais autoridades de supervisión afectadas a decisión adoptada plenamente motivada. Esta decisión considerarase definitiva e será aplicada polas autoridades de supervisión afectadas.»

Dezasete. Modifícase o parágrafo cuarto do artigo 198.3, que queda redactado como segue:

«Non obstante o anterior, se a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación non adopta unha decisión na forma determinada nos parágrafos 2 e 3 de conformidade co disposto no artigo 19.3 do Regulamento (UE) n.º 1094/2010, do 24 de novembro, a persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital adoptará a decisión final. Esta decisión considerarase definitiva e deberá ser aplicada polas autoridades de supervisión afectadas.»

Dezaoito. Modifícase o parágrafo primeiro do número 1 da disposición adicional oitava, que queda redactado como segue:

«1. No Rexistro administrativo de distribuidores de seguros e reaseguros, e en relación cos mediadores de seguros, mediadores de seguros complementarios, salvo aqueles que reúnan as condicións para seren obxecto de exención, e corretores de reaseguros, deberán inscribirse o nome e apelidos ou a denominación social, a condición de mediador de seguros ou de seguros complementarios e, se for o caso, o sexo, a nacionalidade, o número de documento nacional de identidade ou de identificación fiscal ou pasaporte ou documento equivalente en caso de estranxeiros, o domicilio da sede profesional ou social, o ámbito de actuación, o número de inscrición, así como as modificacións dos estatutos que polo seu obxecto deban constar no rexistro administrativo, a mención ao dominio ou ao enderezo de internet, as participacións significativas, as agrupacións de interese económico e as unións temporais de empresas, a cancelación da inscrición e a inhabilitación para o desempeño da actividade de distribución, así como as sancións, unha vez que sexan executivas, que se impuxesen, salvo a de amoestación privada, indicando o tipo e clase de infracción e a identidade do infractor. Tamén se inscribirán os actos relativos ao exercicio da actividade en réxime de dereito de establecemento ou en libre prestación de servizos en cada un dos Estados membros da Unión Europea.»

Dezanove. Engádese unha nova disposición adicional décimo oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo oitava. *Tratamento da actualización das táboas biométricas publicadas mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións na valoración da provisión contable do seguro de decesos.*

Nos seguros de decesos, para a formulación actuarial da operación na valoración da provisión de decesos para efectos contables, cabe diferenciar entre:

1. As pólizas acollidas á disposición transitoria décimo primeira do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado

polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, respecto das cales procederá a aplicación das «táboas PASEM2020 Decesos 1.º orde». Non obstante o anterior, naqueles casos en que se estivesen utilizando táboas de experiencia propia que inclúan as recargas correspondentes á primeira orde e que cumpran os requisitos actuariais vixentes en cada momento, poderanse continuar aplicando esas táboas de experiencia propia para as pólizas a que se refire a citada disposición transitoria.

Se da aplicación do establecido no número anterior resultar un importe inferior de provisión ao que se obtería de aplicar as hipóteses biométricas que se viñan considerando até o 31 de decembro de 2019, a diferenza entre ambos os importes utilizarase para reducir ao máximo posible o prazo de duración do plan transitorio e sistemático da dita disposición transitoria. Por tanto, non resultará admisible a redución do importe das dotacións anuais destinadas a cumprir coa referida disposición transitoria.

2. As pólizas cuxas bases técnicas e provisións cumpren co disposto nos artigos 120 do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, e 46 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, respecto das cales procederá a aplicación das «táboas PASEM2020 Decesos 1.º orde», unicamente nos casos en que as referidas táboas sexan as utilizadas para o cálculo das tarifas de prima, de conformidade co artigo 34.2 do citado regulamento, ou ben cando sexan máis prudentes que as utilizadas para o cálculo das tarifas de primas.

3. O resto das pólizas, respecto das cales procederá a aplicación das hipóteses biométricas derivadas das táboas utilizadas para elas a 31 de decembro de 2019, na medida en que se constate a súa suficiencia respecto ao comportamento real do colectivo asegurado, e sempre e cando as pólizas cumpran con todos estes requisitos:

- a) Sexan anteriores ao 31 de decembro de 2020.
- b) Sexan pólizas respecto das cales non se utilicen as «táboas PASEM2020 Decesos» para o cálculo das tarifas de prima.
- c) As súas bases técnicas e provisións contables sexan conformes co disposto nos artigos 120 do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, e 46 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.»

Vinte. Modifícase a disposición derradeira novena, que queda redactada como segue:

«Conforme o establecido na disposición derradeira décimo cuarta da Lei 20/2015, do 14 de xullo, as disposicións contidas neste real decreto dítanse ao abeiro do artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias para establecer as bases da ordenación dos seguros e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente. Exceptúanse do anterior:

- a) Os artigos 3, 19 a 24, 40, 166, 167 e a disposición adicional oitava, que non terán carácter básico.
- b) Os seguintes artigos, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil: os contidos no capítulo II, no capítulo IV e no capítulo V do título III (excepto o artigo 100, números 1, 2, 3, 5 e 7; artigo 101, números 1, 2, 3 e 5; artigo 102; artigo 103, número 2; artigo 104, número 2; artigo 105, números 1, 3, 4, 6 e 7; artigo 107, números 1, 2, 3 e 5 e o parágrafo segundo do número 4; artigo 108, números 1, 2 e 3 e o parágrafo segundo do número 4; artigo 110, números 1, 2, 3, 5 e 7; artigo 111; artigo 113, o segundo parágrafo do número 2; artigo 114, números 1, 2, 3, 4, 5, 8 e 9 e o parágrafo segundo do número 6; artigo 115); os artigos 122 a 126; artigo 127, números 1 a 3; artigo 219; artigo 222 e artigos 225 e 226.»

Disposición adicional única. *Comisión técnica de análise das hipóteses en que se basea a elaboración de táboas biométricas.*

1. A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, por proposta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, creará por orde ministerial, segundo o disposto no artigo 22.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto, unha comisión de traballo que, co nome de Comisión técnica de análise das hipóteses en que se basea a elaboración das táboas biométricas, analice de maneira continuada no tempo a adecuación das táboas biométricas publicadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións respecto á evolución real das taxas de mortalidade, supervivencia, invalidez e morbilidade.

2. Esta comisión técnica, que dependerá e estará baixo a presidencia do director xeral de Seguros e Fondos de Pensións, terá a composición e número de membros que se determine na súa orde de creación. En todo caso, participará nela persoal da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, o Instituto de Actuarios Españois, as asociacións máis representativas do sector de entidades aseguradoras e reaseguradoras e do sector de entidades xestoras de fondos de pensións, e, se así se considera, outras persoas do ámbito universitario ou profesional afín a aquelas mesmas materias.

3. A comisión técnica prevista neste artigo elevará ao director xeral de Seguros e Fondos de Pensións as súas opinións e propostas en relación cos diferentes aspectos que afectan a elaboración e aplicación das táboas biométricas indicadas no número 1 e a eventual necesidade futura de actualizalas.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio voluntario para a valoración das provisións técnicas contables derivada da aplicación das novas táboas biométricas publicadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

1. Nos termos indicados nesta disposición, as entidades aseguradoras e reaseguradoras poderán aplicar gradualmente os cambios nas hipóteses biométricas derivados das primeiras táboas de supervivencia que mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións se declaren axustadas ás modificacións introducidas por este real decreto.

2. O período transitorio de aplicación gradual deberá finalizar, como máximo, ao feche do exercicio 2024, e deberá axustarse ás seguintes normas:

a) Consideraranse acollidas a esta disposición transitoria as entidades que estiveren aplicando, á entrada en vigor deste real decreto, a adaptación no tempo regulada no número cuarto punto 2, parágrafo a).2.º, da Resolución do 17 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, relativa ás táboas de mortalidade e supervivencia que utilizarán entidades aseguradoras e reaseguradoras, e pola que se aproba a guía técnica relativa aos criterios de supervisión en relación coas táboas biométricas, e sobre determinadas recomendacións para fomentar a elaboración de estatísticas biométricas sectoriais.

b) As entidades non incluídas na alínea a) anterior poderán acollerse a esta disposición transitoria dentro do prazo disposto legalmente para a formulación das súas contas anuais correspondentes ao exercicio 2021, e comunicarano á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións nos modelos creados para o efecto dentro da documentación estatístico-contable que se envíe durante o exercicio 2021. As entidades non acollidas a esta disposición transitoria durante ese prazo non poderán acollerse a ela con posterioridade.

c) O proceso transitorio afecta unicamente a provisión contable das obrigacións de seguro existentes a 31 de decembro de 2020 e, sen prexuízo do establecido no número 3, exclusivamente as táboas biométricas que se publicasen a raíz da resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións indicada no número 1.

d) Ao feche do exercicio 2021, após as dotacións efectuadas no exercicio 2020, exclusivamente polas entidades sinaladas na alínea a) anterior, e no exercicio 2021, as contas anuais deberán recoller, ao menos, a cuarta parte da diferenza entre a provisión matemática calculada coas hipóteses biométricas utilizadas ao feche de 2019 e a provisión matemática calculada coas táboas publicadas pola resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións citada no número 1. Consideraranse para estes efectos unicamente as obrigacións por seguro e por reaseguro vixentes a 31 de decembro de 2020 que sigan en vigor ao feche do exercicio 2021.

e) Ao feche do exercicio 2022 as contas anuais deberán recoller ao menos a metade da diferenza entre a provisión matemática calculada coas hipóteses biométricas utilizadas ao feche de 2019 e a provisión matemática calculada coas táboas publicadas pola resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións citada no número 1. Consideraranse para estes efectos unicamente as obrigacións por seguro e por reaseguro vixentes a 31 de decembro de 2020 que sigan en vigor ao feche do exercicio 2022.

f) Ao feche do exercicio 2023 as contas anuais deberán recoller ao menos as tres cuartas partes da diferenza entre a provisión matemática calculada coas hipóteses biométricas utilizadas ao feche de 2019 e a provisión matemática calculada coas táboas publicadas pola resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións citada no número 1. Consideraranse para estes efectos unicamente as obrigacións por seguro e por reaseguro vixentes a 31 de decembro de 2020 que sigan en vigor ao feche do exercicio 2023.

g) As contas anuais dos exercicios correspondentes ao período transitorio regulado por esta disposición deberán informar de forma clara, accesible e completa sobre as dotacións adicionais ás provisións técnicas estimadas até a conclusión do proceso transitorio, as fontes de financiamento previstas para tales dotacións, a situación patrimonial ao feche do exercicio a que se refiran as contas anuais sen considerar o proceso transitorio e a situación prevista ao termo dese proceso.

h) As entidades non poderán efectuar distribución ningunha de resultados durante o período transitorio se a situación patrimonial ao final del, avaliada co patrimonio neto contable actual, sitúa a entidade en causa de disolución conforme o artigo 172.5 da Lei 20/2015, do 14 de xullo.

3. O réxime de aplicación progresiva das novas hipóteses biométricas previsto nos números 1 e 2 será igualmente aplicable cando as entidades aseguradoras e reaseguradoras utilicen táboas de experiencia propia. Neste caso deberán cumprir, ademais, os requisitos actuariais que se fixen mediante a circular da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a que se refire o artigo 34.1.e) do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.

Disposición transitoria segunda. *Prazo de adaptación para o cumprimento das obrigacións introducidas nos artigos 89 bis e 89 ter do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

Establécese un prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto para a adaptación ás novas obrigacións que se introducen nos artigos 89 bis e 89 ter do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro.

A primeira publicación da información anual prevista no artigo 89 bis do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, será a referida ao exercicio 2020.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento para a aplicación da Lei 87/1978, do 28 de decembro, sobre seguros agrarios combinados, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro.*

O Regulamento para aplicación da Lei 87/1978, do 28 de decembro, sobre seguros agrarios combinados, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro, queda modificado como segue:

Un. Os números 1 e 2 do artigo 41 quedan redactados como segue:

«1. As entidades aseguradoras que desexen practicar este seguro deberán participar na cobertura de todos os riscos, deberán agruparse para o efecto en calquera das formas permitidas no ordenamento xurídico e o seguro non poderá practicarse fóra da agrupación. Esta agrupación deberá ter personalidade xurídica propia.

A agrupación non terá a condición de entidade aseguradora, ben que os seus estatutos e regulamento deberán ser autorizados polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

2. No consello de administración da agrupación terán participación de pleno dereito vogais designados por proposta do Consorcio de Compensación de Seguros.»

Dous. Engádesse unha alínea e) ao artigo 45 coa seguinte redacción:

«e) Propor a designación de vogais no consello de administración, de acordo co establecido no artigo 41.2.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.*

Modifícase o artigo 34 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, que queda redactado como segue:

«Artigo 34. *Táboas de mortalidade, de supervivencia, de invalidez e de morbilidade.*

1. As táboas de mortalidade, de supervivencia, de invalidez e de morbilidade deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar baseadas na experiencia española ou estranxeira, sempre que se evidencie a bondade do axuste á poboación asegurable a que se aplica, e axustadas a tratamentos estatístico-actuariais xeralmente aceptados.

b) A mortalidade, supervivencia, invalidez e morbilidade reflectidas deberán encontrarse dentro dos intervalos de confianza xeralmente admitidos para a experiencia española. As probabilidades que conteñan deberán ter en conta aqueles factores que, con base en datos actuariais e estatísticos pertinentes e fiables, se consideren determinantes da avaliación do risco.

c) Deberán incluír as recargas necesarias para reflectir a compensación pola incerteza derivada de riscos biométricos que poida afectar o importe ou momento dos fluxos futuros considerados no cálculo da provisión técnica, considerando para isto un nivel de confianza adecuado e suficiente.

d) O ano central do período de observación considerado para a elaboración das táboas non poderá ser anterior en máis de dez anos á data de cálculo da provisión. Mediante resolución, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá modificar o número de anos fixado no caso de táboas concretas.

e) Cando se utilicen táboas baseadas na experiencia propia do colectivo asegurado, a información estatística en que se baseen deberá cumprir os requisitos de homoxeneidade e representatividade do risco, incluíndo sobre este información suficiente que permita unha inferencia estatística e indicando o tamaño da mostra, o seu método de obtención e o período a que se refire, o cal deberá adecuarse ao previsto na alínea d) anterior. Mediante circular da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderanse desenvolver os requisitos actuariais necesarios para garantir que calquera compoñente das táboas de experiencia propia se basea en metodoloxías sólidas e realistas e información fiable e, en particular, a estimación dos tantos de mortalidade e as recargas por incerteza.

f) Nos seguros de supervivencia deberase incorporar o efecto do tanto de diminución da mortalidade considerando unha evolución desfavorable desta.

Non obstante o anterior, no cálculo da provisión poderán utilizarse táboas máis prudentes que, sen cumpriren algún dos requisitos anteriores, teñan unha marxe de seguranza superior á que resulta destes.

2. Ao menos en cada exercicio contable, compararase o comportamento real do colectivo asegurado co comportamento esperado conforme as táboas utilizadas. Se da comparación resultar unha diferenza substancial e consistente no tempo, realizarase o cambio ou axuste necesario nas táboas que se utilicen a partir dese momento para emendar a diferenza observada e incluíranse as recargas para reflectir a compensación pola incerteza derivada de riscos biométricos na medida necesaria para manter o nivel de confianza fixado en cada momento. A provisión matemática calcularase en cada momento tendo en conta a táboa así axustada. En caso de que a provisión matemática sexa inferior ao importe que se obtería aplicando as táboas utilizadas para o cálculo da prima, tomarase este último como importe para a valoración da provisión matemática.

3. Mediante circular da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións desenvolveranse os aspectos cuantitativos e cualitativos necesarios para a adecuación das hipóteses biométricas aplicadas no cálculo das provisións técnicas contables, incluído o nivel de confianza para reflectir a incerteza, para a consecución en todo caso dos fins do artigo 1 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, de protexer os dereitos dos tomadores, asegurados e beneficiarios, así como de promover a transparencia e o desenvolvemento adecuado da actividade aseguradora.

4. Mediante resolución, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá publicar táboas biométricas sinalando a súa admisibilidade como hipóteses biométricas de referencia, así como declarar a súa non admisibilidade cando deixen de cumprir os requisitos exixidos pola normativa vixente.»

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

As disposicións contidas neste real decreto teñen a consideración de ordenación básica da banca e os seguros e de bases da planificación xeral da actividade económica, conforme o artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución española. Exceptúanse do anterior:

- a) Os números un, dous e dezoito do artigo único, que non teñen carácter básico.
- b) Os números oito, nove, dez, once, doce e catorce do artigo único, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil.

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto efectúase a transposición parcial ao dereito español da Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 2007/36/CE no que respecta ao fomento da implicación a longo prazo dos accionistas, no que afecta as entidades aseguradoras autorizadas para

operar no ramo de vida, e as entidades reaseguradoras que cubran obrigacións de seguros de vida. Así mesmo, efectúase a transposición parcial da Directiva (UE) 2019/2177 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2009/138/CE sobre o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (Solvencia II), a Directiva 2014/65/UE relativa aos mercados de instrumentos financeiros e a Directiva (UE) 2015/849 relativa á prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo, no concernente ao sector asegurador.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Habílitate a persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, por proposta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e logo de informe da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, para realizar o desenvolvemento normativo das disposicións contidas neste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital,
NADIA CALVIÑO SANTAMARÍA